

**PREGUNTA DE AER SOBRE VARIOS TEMAS. (Rex. Entrada 05.09.2018, 2018-E-RPLN-16).**

PLENO 06 SETEMBRO 2018. ACTA 10/2018

O Sr. Covelo dá lectura das seguintes preguntas:

**Sobre a exención do IBI ás comunidades de montes en man común.** *“Atopámonos actualmente no período do cobro do IBI a persoas físicas e xurídicas. As Comunidades de Montes Veciñais en Man Común están, unha vez máis, recibindo cartas de pago por instalacións que se atopan nas súas propiedades. Estas instalacións pasan por depósitos de auga para subministro aos veciños, centro culturais ou mesmo instalacións deportivas. Ou sexa, son instalacións de uso común e de interese xeral, sen ningún tipo de contra prestación asociada.*

*Por outro lado, como vostedes ben saben, dacordo co artigo 62, punto 1, apartado b) da Lei 2/2004 de Facendas Locais, “Os bens comunais e os montes veciñais en man común están exentos do Imposto sobre Bens Inmóveis” e o artigo 2 da Lei 113/1989 de Montes Veciñais en Man Común, recolle que estes “non están suxeitos a ningunha contribución de base territorial nin á cota empresarial da Seguridade Social”.*

*Temos constancia non obstante que o Concello de Redondela reiteradamente non recoñece esta exención. polo que poderíamos cualificar “un exceso de celo”, xa que ante alegacións similares noutros concellos da provincia e en circunstancias similares, si que se recoñece a antedita exención destes bens comunais.*

*Por todo o exposto, PREGUNTAMOS:*

***A que se debe este “exceso de celo” reiterado á hora de que o Concello de Redondela non recoñeza a exención do pago do IBI nos “bens comunais e montes veciñais en man común” tal como establece o artigo 62, punto 1, apartado b) da Lei 2/2004 de Facendas Locais ? Poderíase estudar como solucionar esta situación?”***

*Resposta. Alcalde: lle pedín a explicación técnica ós técnicos do Concello. No padrón de bens inmóveis de natureza rústica se tramitaron de oficio as baixas. Pode existir algunha excepción onde se solicita a exención para bens inmóveis urbanos sen acreditar que é monte ou terreo forestal.*